

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 23 DE MARZO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público para a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde para o ano 2023.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación do Novo Complexo Hospitalario de A Coruña. Fase 1.1.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia.

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se ordena a interposición dun recurso de inconstitucionalidade en relación co artigo 3 da Lei 38/2022, do 27 de decembro, para o establecemento de gravames temporais enerxéticos e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito e pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas, e se modifican determinadas normas tributarias, facultando para o efecto a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e designando os letrados da Xunta de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba o Plan director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027.
- Acordo polo que se toma razón do protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e a outras vítimas especialmente vulnerables.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia para o proxecto de fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ 4ª Fase, por importe total de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €).

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de ampliación do Complexo Medioambiental de Cerceda, situado no lugar de Morzós-As Encrobas (A Coruña), como proxecto de interese autonómico, para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autonómica de estradas de Galicia na zona sur da ATM de Santiago, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado do eixe de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela. Treito Milladoiro - Estación Intermodal, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado do eixe de mobilidade sustentable en Santiago de Compostela. Treito: Estación Intermodal - San Caetano, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as dioceses da Comunidade Autónoma de Galicia para intervencións no patrimonio artístico de titularidade eclesiástica no ano 2023, por importe de douscentos mil euros (250.000,00 €) e se lle autoriza a exención ao beneficiario da obriga de constituír a garantía nos pagamentos a conta que se prevén no referido convenio.

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se toma razón do acordo de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Consellería de Política Social e Xuventude para levar a cabo actuacións de mellora nos puntos de encontro familiar, así como da resolución das axudas a entidades locais de Galicia para a rehabilitación e mellora do equipamento dos Centros da Información ás Mulleres (CIM).

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas para o Programa galego de vacinación fronte ao herpes zóster (Shingrix), por un importe de seis millóns oitocentos oitenta e sete mil oitocentos cincuenta e oito euros con sesenta e catro céntimos (6.887.858,64 €) con IVE e un valor estimado de catorce millóns cincocentos setenta mil catrocentos setenta euros con vinte céntimos (14.570.470,20 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a droga da Coruña (ACLAD), para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos, por un importe dun millón oitocentos oitenta e sete mil seiscentos cincuenta e catro euros (1.887.654,00 €).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cruz Vermella de Lugo para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos, por un importe de seiscentos noventa e cinco mil cincocentos noventa e catro euros (695.594,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cidadá de Loita contra a droga Alborada para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos, por importe dun millón seiscentos oitenta mil novecentos corenta e seis euros (1.680.946,00 €).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro) para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos aditivos, por un importe dun millón corenta e seis mil vinte e dous once euros (1.046.022,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas para o Programa galego de vacinación fronte ao herpes zóster (Shingrix), por un importe de seis millóns oitocentos oitenta e sete mil oitocentos cincuenta e oito euros con sesenta e catro céntimos (6.887.858,64 €) con IVE e un valor estimado de catorce millóns cincocentos setenta mil catrocentos setenta euros con vinte céntimos (14.570.470,20 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Sanidade a validación da omisión da preceptiva fiscalización previa derivada dun gasto do Programa galego de vacinación (adquisición da vacina fronte a hepatite A para adultos), por importe total de cento quince mil catrocentos corenta euros (115.440,00 €).

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, para o financiamento do proxecto Aulas Senior de Galicia para o exercicio 2023. Importe: cento noventa mil euros (190.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza á Consellería do Medio Rural á realización de pagamentos anticipados en contía superior á que resulta da aplicación do artigo 63.l.dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2023. Importe total tres millóns de euros (3.000.000 €).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

- Informe sobre o Plan Innova FP Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR A TORRE POLIVALENTE DO HOSPITAL PÚBLICO DA CORUÑA, O NOVO CHUAC, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 37,2 M€**

- “Será a primeira obra visible deste proxecto estratéxico para a Xunta”, indicou
- Resaltou que o Goberno galego vai investir 500 M€ no futuro hospital público coruñés co obxectivo de consolidalo como “un dos mellores de España”
- A Torre Polivalente será o centro desde o que se administre o complexo hospitalario e funcionará como nexos entre as novas edificacións e o hospital actual a través dunha pasarela elevada
- Ocupará 4.500 m<sup>2</sup> en planta rectangular e terá 13.700 m<sup>2</sup> de superficie construída, que se distribuirán en 16 andares, 4 deles baixo rasante; acollerá a administración, as áreas de xestión sanitaria, os laboratorios e o hotel de doentes, con 14 habitacións
- O Executivo autonómico impulsa esta actuación grazas ao acordo acadado a pasada semana entre a Xunta e o Concello para desbloquear o convenio sobre o Novo CHUAC
- A redacción do proxecto da Torre Polivalente adiantouse ao resto de espazos do Novo CHUAC, polo que e a previsión da Xunta é licitar neste segundo trimestre as obras, que terán un prazo de execución de 12 meses
- O Goberno galego traballa para dar alternativas para que os expropiados teñan vivenda na zona

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello autorizou na súa reunión semanal o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar “unha das primeiras obras visibles que conformarán o Novo CHUAC”, a Torre Polivalente.

Rueda resaltou que o novo hospital coruñés é “unha infraestrutura fundamental” para o Goberno galego, no que se van investir 500 millóns de euros co obxectivo de “consolidar a este centro como un dos mellores de España”.

O investimento que o Goberno galego destinará a Torre Polivalente é de 37,2 M€, no cal se inclúe o pagamento dunha porción de terreo colindante coa parcela onde se levará a cabo a actuación, que é precisa para a demolición do actual Hospital de pacientes e para a execución dun novo, dentro do ámbito do futuro Complexo Hospitalario.

Cómpre subliñar que o visto e prace do Executivo autonómico que impulsa esta actuación é posible tras o acordo acadado este pasado 14 de marzo entre a Xunta e o Concello da Coruña para desbloquear o convenio sobre o Novo CHUAC, o que permite

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

poder empezar a licitar as obras desta actuación estratéxica e prioritaria para o Goberno galego. Segundo explicou Rueda, ao abeiro acordo acadado, logo de que a Xunta puxese enriba da mesa propostas viables e eficientes, "o Concello farase cargo de financiar os accesos ao hospital e a Xunta das expropiacións necesarias". Esta decisión, xunto cun plan de pagamentos flexible para a achega municipal propiciou o desbloqueo do convenio.

A Torre Polivalente é a primeira fase do futuro Hospital Público da Coruña, de modo que a intervención dea como resultado un novo hospital, que integre o que se vai construír co que xa existe, funcionando todo como un conxunto.

O novo edificio terá 13.700 m<sup>2</sup> e 16 plantas de altura, 4 delas baixo rasante, destinadas a usos sanitarios polivalentes, hotel de pacientes e áreas administrativas que se conectarán mediante unha pasarela co hospital existente.

A redacción do proxecto da Torre Polivalente adiantouse ao resto de espazos do Novo CHUAC, polo que e "a previsión da Xunta é licitar neste segundo trimestre as obras, que terán un prazo de execución de 12 meses", indicou Rueda.

### **Primeira peza do Novo CHUAC**

A Torre Polivalente será a primeira peza do Novo Hospital Público da Coruña e construírse na parcela sen edificar que está situada ao carón do actual complexo hospitalario, desde o que se administrará todo o hospital e servirá de nexos entre as novas edificacións e o hospital actual, a través dunha pasarela elevada que o conectará co bloque oeste existente.

A autorización hoxe da expropiación da parcela de 119 m<sup>2</sup> do aparcadoiro privado existente nas inmediacións é necesaria para executar a Torre Polivalente, que albergará a administración, as áreas de xestión sanitaria, os laboratorios e o hotel de doentes, con 14 habitacións.

O anel viario que circundará o novo hospital, permitindo os múltiples accesos e conectar coa trama de rúas locais que converxen no hospital, obriga a demoler o actual hotel de doentes, cuxo proxecto se está tamén redactando, e resulta necesario dispoñer un novo espazo para albergar os seus usos.

A execución desta Torre Polivalente, que se constrúe ao abeiro PXOM da Coruña, sobre terreos dotacionais públicos, disporá de 2 accesos para garantir unha mellor funcionalidade: unha entrada para os usuarios do hotel de doentes e persoal administrativo, cunha zona cuberta que conformará un gran soportal de acceso, e outra

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entrada para persoal sanitario, en cuxo exterior se disporá unha praza de uso público e zonas verdes.

A execución da Torre Polivalente seguirá un sistema construtivo que se poida adaptar ás novas necesidades e cambios organizativos, seguindo criterios de eficiencia enerxética, desde o punto de vista térmico, de iluminación e da xestión da auga, primando o baixo consumo con dispositivos de aforro, empregando materiais de proximidade e reciclables, e buscando tamén a máxima funcionalidade.

Para o Goberno galego o Novo CHUAC é un proxecto prioritario e estratéxico para blindar a atención sanitaria da Área da Coruña nas vindeiras décadas, polo que está a facer todo o posible para o seu impulso, afrontando un incremento do orzamento ata os 500 M€, analizando ata 20 alternativas para facer viables os accesos e asumindo a titularidade da AC-12, e ofrecendo opcións para que os expropiados poidan contar cunha nova vivenda na zona.

Infografía praza acceso principal:



Infografía fachada norte:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA UNHA OFERTA DE EMPREGO DOTADA CON 421 PRAZAS DE DIFÍCIL COBERTURA NO SERGAS**

- Resalta que o sistema será por concurso de méritos e que se busca “paliar o déficit de profesionais” nalgunhas especialidades
- Subliña que do total de prazas convocadas, 116 serán para facultativos especialistas en hospitais comarcais e outras 132 para médicos de familia e pediatras de atención primaria
- Outras 173 serán para médicos e persoal de enfermería da área de Saúde Mental
- O total de prazas que ofertará este ano o sistema sanitario público galego é de 1.630 prazas correspondentes á taxa de reposición ordinaria
- Esta oferta en que se utiliza o sistema de concurso de méritos, sumada á realizada o pasado ano de médico de primaria, suma un total de 527 prazas polo sistema de concurso, sendo Galicia pioneira nestas medidas de atracción de profesionais a través da estabilidade e axilidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou o decreto da oferta de emprego público para convocar por concurso de méritos 421 prazas de difícil cobertura no Servizo Galego de Saúde (Sergas). “O obxectivo é paliar o déficit de profesionais nalgunhas especialidades”, indicou Rueda.

Rueda explicou que a sistema público de galego vai ofertar 1.630 prazas este ano, correspondentes a taxa de reposición ordinaria. Delas, 421 serán por concurso de méritos, é dicir, sen exames.

A oferta de 421 prazas hoxe aprobada polo Executivo galego enmárcanse na Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura. Esta normativa, establece medidas extraordinarias e temporais en materia de emprego público dirixidas a garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega, e dá continuidade ás medidas extraordinarias de fortalecemento da atención primaria iniciadas no ano 2021. Ademais, por primeira vez, establece un réxime extraordinario de acceso a postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Sergas, por concurso de méritos, sen examen.

#### **Hospitais comarcais, primaria e saúde mental**

##### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co obxecto de dar unha resposta adecuada ás necesidades organizativas actuais, e coa finalidade de garantir a continuidade asistencial e a calidade, eficacia e eficiencia dos servizos e, xunto ao anterior, para promover a estabilidade dos recursos humanos, tendo en conta as dificultades excepcionais relacionadas coa escaseza de profesionais, a oferta hoxe aprobada pola Xunta permitirá, así mesmo, convocar procesos selectivos específicos polo sistema de concurso, co fin de impulsar a incorporación urxente, estable e permanente de persoal aos postos de difícil cobertura.

En concreto, tal a como explicou Rueda vanse convocar 116 prazas para persoal facultativo de distintas especialidades dos hospitais comarcais de Cee, Barbanza, A Mariña, Monforte de Lemos, Verín, O Barco de Valdeorras e O Salnés. Ademais, reforzase o cadro de persoal de atención primaria con 72 prazas para médico de familia e outras 60 de pediatras para centros de saúde. E finalmente, vanse ofertar outras 173 prazas na área de Saúde Mental precisas para o desenvolvemento das distintas medidas do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19 : 79 para facultativo especialista de área en Psiquiatría e Psicología Clínica e outras 94 de enfermeiro especialista de Saúde Mental.

O sistema selectivo será o de concurso de méritos e respectará os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito e capacidade.

Do total de prazas, reservaranse 22 para o acceso a persoas con discapacidade xeral, así como as correspondentes para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

### **Galicia pioneira**

O presidente lembrou que previamente a Xunta xa ofertou, por este sistema, 106 prazas de persoal facultativo especialista de Atención Primaria para postos de difícil cobertura, permitindo cubrir ámbitos asistenciais que estaban vacantes.

En consecuencia, esta oferta en que se utiliza o sistema de concurso de méritos, sumada á realizada o pasado ano de médico de Primaria, suman un total de 527 prazas polo sistema de concurso, sendo Galicia "pioneira" nestas medidas de atracción de profesionais a través da estabilidade e axilidade.

Sinalar, así mesmo, que nos mesmos termos que no decreto de oferta anterior, inclúese a previsión expresa de que os baremos de méritos dos procesos selectivos das categorías/especialidades de medicina deberán incluír unha puntuación específica que valore a prestación de servizos en hospitais comarcais ou centros de saúde illados.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda ademais resaltou que a Xunta está a levar a cabo outra serie de medidas, dentro das súas competencias, para paliar o déficit de sanitarios como "melloras nas retribucións e compensacións salariais destes profesionais ou a oferta dun contrato estable de tres anos para todos os residentes de familia cando acaben a súa formación".

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ESTUDA A FÓRMULA PARA CREAR UN CANON QUE GRAVE AS LIÑAS DE EVACUACIÓN DA EÓLICA MARIÑA**

- Defende este gravame dentro da nova lei de recursos naturais, que comezou hoxe a súa tramitación no Consello da Xunta de Galicia
- Apunta que está prevista que a recadación vaia dirixida ás mesmas finalidades medioambientais que establece o actual canon da eólica terrestre, centrándose principalmente nos lugares onde estean localizadas as conexións
- Lembra que a futura normativa recollerá, de cara ás declaracións de impacto ambiental, a avaliación dos efectos sociais e económicos dos proxectos e tamén a creación dunha sociedade pública-privada que garantirá que parte dos beneficios de proxectos que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo en toda Galicia

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia estuda a fórmula para crear un canon que grave as liñas de evacuación da eólica mariña na nova lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, e que iniciou hoxe mesmo a súa tramitación no Consello da Xunta.

Rueda precisou que, cando as liñas eléctricas da eólica off-shore chegan á terra, é cando se contaría con capacidade fiscal por parte da Xunta de Galicia para establecer este canon, cuxa recadación está prevista que se dedique ás mesmas finalidades medioambientais que, na actualidade, están recollidas para o gravame da eólica terrestre. Deste xeito, centrarase principalmente en que repercuta nos lugares onde se establezan estas conexións "e tamén, por suposto, no sector da pesca, ademais de garantir a coexistencia dos recursos", abondou.

Ademais deste gravame, Rueda lembrou outras aportacións importantes da futura lei avanzadas estes días, como o feito de que establecerá que as declaracións de impacto ambiental avaliarán os efectos sociais e económicos dos proxectos e incidiu que esta análise social e económica servirá tamén para determinar en que proxectos poderá participar a futura *utility*, unha sociedade mixta na que participará a Xunta de Galicia xunto con outros axentes públicos e privados para que parte dos beneficios que aproveiten recursos naturais teñan un impacto directo positivo en toda Galicia.

**Galicia "non pode perder esta oportunidade"**

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Rueda cualificou esta futura norma de "pioneira" e "innovadora" e amosouse convencido de que favorecerá o "arraigamento social" da eólica mariña, "que vai medrar nos próximos anos", aseverou.

Por este motivo, defendeu que Galicia "non pode perder esta oportunidade", xa que salientou que a nosa comunidade conta con "condicións especialmente idóneas para aproveitar estes recursos" e ten "un enorme potencial" para estar no centro da transición enerxética que vai vivir Europa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA RECORRERÁ ANTE O CONSTITUCIONAL O IMPOSTO DE GRANDES FORTUNAS DO GOBERNO CENTRAL

O Goberno galego acordou hoxe na reunión do Consello da Xunta presentar un recurso de inconstitucionalidade en relación co Artigo 3 da Lei 38/2022, do 27 de decembro, para o establecemento de gravames temporais enerxético e de entidades de crédito e establecementos financeiros de crédito e pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas, e modifícanse determinadas normas tributarias, facultando ao efecto á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. O Goberno galego toma esta decisión tras a valoración do Consello Consultivo de Galicia.

Como primeiro fundamento do recurso, o Executivo autonómico considera que a creación deste novo imposto supón a vulneración da autonomía financeira autonómica e do bloque de constitucionalidade en materia de tributos cedidos.

Tal e como se precisará no recurso, a Comunidade galega cando norma sobre o Imposto de Patrimonio exerce unha competencia recoñecida, como é a de legislar sobre bonificacións ao IP. E o Estado, coa creación deste imposto -do que se recoñece que coincide co de Patrimonio-, anula, desactiva e modifica a cesión feita, sen axustarse ademais ás regras e procesos que serían necesarios para a modificación desa cesión.

Ademais de baleirar de contido as competencias normativas autonómicas que se exercen en base á autonomía financeira autonómica galega, o recurso tamén alegará vulneración do principio de seguridade xurídica, xa que a entrada en vigor da norma o 29 de decembro de 2022, provoca que a entrada en vigor do imposto e o pagamento se produzan practicamente no mesmo momento, privando aos contribuíntes do tempo mínimo necesario para prever a súa tributación.

Finalmente, o recurso tamén trasladará ao Tribunal Constitucional que hai vulneración do procedemento legislativo con relevancia constitucional, destacando que o Imposto Temporal de Solidariedade das Grandes Fortunas non foi incluído no texto inicial da proposición de lei presentada ante o Congreso, senón que foi incorporado moi posteriormente en trámite de emendas a unha proposición de lei sobre materia distinta, incumprindo deste xeito a doutrina do TC sobre a conexión mínima de homoxeneidade, a cal dispón que non resulta posible introducir emendas que non garden relación co obxecto do texto inicial.

Non se cumpre coa doutrina descrita ao introducir un novo tributo, que non garda ningunha relación cos outros dous gravames contidos na proposición de lei tomada en

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consideración: o gravame temporal enerxético e o gravame temporal de entidades de crédito e establecemento financeiros de crédito.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DIRECTOR DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO QUE GUIARÁ AS ACTUACIÓNS NAS RUTAS XACOBEAS ATA A CELEBRACIÓN DO PRÓXIMO ANO SANTO

- Este novo plan director marca a folia de ruta a seguir co obxectivo de protexer o Camiño para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural
- Traza os obxectivos de traballo cara á celebración do vindeiro Ano Santo, en 2027, e fixa as liñas estratéxicas co obxectivo de preparar Galicia para o seguinte Ano Santo
- Amplia os obxectivos do Plan director 2015-2021; está estruturado arredor de 17 liñas de actuación e 98 accións dirixidas a protexer e preservar o Camiño de Santiago
- Duplica o orzamento respecto do anterior, acadando os 141,4 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 que guiará as actuacións nas rutas Xacobeas ata o vindeiro Ano Santo. Este plan marcará as directrices para a conservación do Camiño de Santiago, dende melloras no trazado, sinalética, conservación e acollida ata os aspectos relativos ao seu estudo como fenómeno de carácter único e singular. Duplica o orzamento con respecto ao anterior acadando os 141,4 M€.

Nace coa finalidade de establecer as medidas precisas para dar resposta aos retos que afronta a ruta xacobeá no horizonte dos próximos cinco anos, co obxectivo de darlle resposta a estes retos a través de distintas propostas de actuación que se levarán a cabo no Camiño, no marco dunha aposta pola preservación dos seus valores e pola busca da excelencia, sempre baixo criterios de sustentabilidade, accesibilidade e universalidade que definen o propio fenómeno da peregrinación a Santiago de Compostela. Traza os obxectivos de traballo cara á celebración do vindeiro Ano Santo, en 2027, fixando as liñas estratéxicas co obxectivo de preparar Galicia para o seguinte Ano Santo

Este plan amplía os obxectivos do Plan director 2015-2021, englobando 7 retos globais artellados arredor de 17 liñas de actuación e 98 accións dirixidas a protexer e preservar o Camiño de Santiago. Os retos que vai abordar son o valor patrimonial dos Camiños: dixitalización e sustentabilidade; os camiños: promoción de itinerarios e variantes e a súa conexión internacional; a experiencia de usuario/a do peregrino/a e novas fórmulas innovadoras; a mellora da gobernanza; a mellora nos servizos dos Camiños de Santiago:

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

igualdade, inclusión e diversidade, a aposta polos produtos locais e a implicación da veciñanza, e a potenciación de todos os roteiros de peregrinación recoñecidos.

Galicia ten no Camiño de Santiago un elemento estratéxico para o seu posicionamento como destino turístico, xa que o Camiño non só fixa a imaxe máis recoñecible fóra de Galicia senón que tamén funciona como dinamizador socioeconómico dos territorios polos que pasa e xerador dun amplo catálogo de produtos turísticos diferentes e únicos cos que estamos construíndo a nosa oferta. Por iso, dende a Xunta a premisa é seguir garantindo o seu coidado como fenómeno de peregrinación en todo o que atinxe ás súas infraestruturas do trazado e da acollida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA GARANTE O FUNCIONAMENTO DAS OFICINAS DE ATENCIÓN ÁS VÍTIMAS DO DELITO COA APROBACIÓN DUN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

- O Consello da Xunta deu conta hoxe do documento que recolle o acceso á asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero e outras especialmente vulnerables durante os procesos xudiciais a través destas oficinas, así como as funcións do seu persoal e a avaliación e seguimento do sistema
- Trátase dunha guía para o desenvolvemento das tarefas durante as fases de acollida-orientación, información, intervención e seguimento

O Consello da Xunta deu conta hoxe do protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial atención ás de violencia de xénero e outras especialmente vulnerables. Trátase dun instrumento que servirá de guía para o desenvolvemento das funcións das Oficinas de Atención ás Vítimas do Delito (OAVDs) das sete cidades galegas no ámbito da xustiza co obxectivo de harmonizar e unificar as fases e funcións do persoal para a prestación deste servizo co que se pretende garantir unha total protección.

Cómpre lembrar que as OAVDs prestan unha asistencia integral, coordinada e especializada ás vítimas como consecuencia do delito para dar resposta ás necesidades específicas no ámbito xurídico, psicolóxico e social. Por iso, este protocolo fixa os criterios de actuación que coordinen a actividade dos colectivos profesionais que, no ámbito da Administración de xustiza, contan con competencias no trato, atención e protección ás vítimas. Ademais, o protocolo pretende reforzar a coordinación entre as OAVDs, órganos xudiciais, fiscalías e demais institucións públicas implicadas nestas actuacións.

Este sistema inclúe a intervención psicolóxica e asistencial en que os profesionais da psicoloxía e de traballo social levan a cabo unha atención individualizada da vítima co obxectivo de prestarlle a atención e información que precisan. Deste xeito, prepáranse as vítimas para o procedemento, realízase a avaliación para solicitar medidas de asistencia e protección durante o proceso, ademais de acompañalas e derivalas aos servizos especializados dispoñibles segundo as súas necesidades.

O protocolo aplícase ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos fillos e fillas, así como ás persoas suxeitas á tutela destas mulleres; ás persoas maiores de idade vítimas do delito; ás vítimas de agresións sexuais ou de trata de seres humanos; ou noutros

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

casos de especial vulnerabilidade ou gravidade do delito como os menores vítimas de abuso ou maltrato e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental.

O documento recolle un acompañamento completo feito por un equipo psicosocial existente nas sete grandes cidades e cun ámbito de actuación que abrangue todo o territorio galego, o que permite un control e seguimento das vítimas durante o proceso xudicial penal e polo tempo preciso en función das circunstancias do caso.

Nesta liña, a atención comeza coa comparecencia da vítima ante o persoal da OAVD, ben por comparecencia persoal directamente na oficina ou pola remisión da vítima a estas oficinas por parte dos xulgados de garda, de instrución ou de violencia sobre a muller e tamén da Fiscalía ou desde as forzas e corpos de seguridade. As OAVDs actúan como portelo único para o rexistro de solicitudes de asistencia e derivación das vítimas aos servizos sociais e psicolóxicos.

### **Catro fases de asistencia ás vítimas**

Canto ás funcións nas distintas fases de asistencia, na primeira, de acollida-orientación, os funcionarios da Administración de xustiza acollen a vítima e rexistran o expediente, e correspóndelles aos profesionais de psicoloxía ou traballo social a recollida da información, avaliación inicial e valoración das medidas iniciais de apoio e protección. Na seguinte fase -a de información- interveñen os distintos profesionais poñendo á disposición da vítima a información correspondente.

Na terceira fase do proceso, cada profesional traballa en coordinación co resto dos operadores xurídicos e asistenciais para garantir a protección e benestar da vítima, incidindo na súa preparación para que participe de forma efectiva e activa no procedemento sen posteriores revitimizacións.

Xa na cuarta e última fase, a de seguimento, levarase a cabo unha avaliación da execución das medidas de protección adoptadas, da evolución da vítima e da suficiencia dos recursos e servizos asignados. Xunto con este seguimento individual ás vítimas, as oficinas de asistencia ás vítimas de delito deberán de xeito regular realizar un seguimento sobre o funcionamento do sistema co fin de garantir a súa eficacia.

Tamén deben remitir á Dirección Xeral de Xustiza unha copia da estatística e unha memoria anual e participar nas actividades formativas das cales sexan destinatarias.

Para facilitar o cumprimento das funcións indicadas no protocolo nas distintas fases, o propio documento inclúe os seguintes anexos: o formulario individual de recollida inicial de datos, outro formulario cos datos que se deben incorporar ao rexistro do expediente a cada vítima, o fluxograma do procedemento de asistencia ás vítimas do delito, as

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividades do persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza e dos profesionais da psicoloxía e de traballo social no proceso de asistencia ás vítimas do delito, e os datos que debe incluír a memoria anual.

### **Aposta pola formación**

O Goberno galego mantén o seu compromiso coa dotación ás OAVDs dos medios persoais precisos, ademais de reforzar a formación dos profesionais que traballan nelas. No que se refire á formación neste eido, a Xunta mantén convenios co Consello da Avogacía Galega e o Consello Galego dos Procuradores dos Tribunais de Galicia para ofrecer precisamente actividades formativas específicas en materia de violencia de xénero aos profesionais da avogacía e a procuradoría.

Co Consello Galego da Avogacía Galega, a Administración autonómica mantén outro acordo para o desenvolvemento de accións de atención profesional a vítimas de violencia sexual. Pola súa parte, o Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) tamén elaborou un manual de valoración forense integral da violencia de xénero.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE

O Goberno galego destina 125.000 € á cuarta fase deste proxecto destinado á mitigación dos impactos dos eventos de seca no país africano, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coa asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia para o proxecto de fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique, por importe de 125.000 euros.

Trátase da cuarta fase dunha iniciativa que ten como obxectivo xeral contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación cos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e da escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de bacía en Mozambique.

Así, o proxecto denominado Aqua-Moz, Secara 4ª fase é continuidade das anteriores accións desenvolvidas no marco dos convenios asinados en 2019, 2021 e 2022 no marco da xestión da seca en Mozambique e da loita e prevención contra os efectos do cambio climático. Deste xeito tamén se segue fortalecendo as Administracións Rexionais de Augas (ARAs) do sur, norte e centro do país.

Durante a primeira fase de execución, en 2019, identificouse e comezouse a desenvolver a liña de acción centrada na seca, coa que se traballou no desenvolvemento e implantación dun sistema de monitoreo da seca na bacía dos ríos Umbeluzi e Incomati; definíronse os procedementos xerais de xestión e do funcionamento interno da ARA sur en relación coa xestión da seca, e mellorouse o monitoreo do estado dos encoros. Este traballo continuouse na segunda fase, en que as accións se centraron na ampliación das bacías monitoreadas e na mellora dos procedementos de xestión.

Na terceira fase incluíuse como socio líder a asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, cuxo rol se consolida neste novo convenio. Ademais, este ano incorpórase ao traballo en terreo a entidade ARA centro, co que se amplía o alcance da intervención. As accións enmarcadas no acordo arrincan neste mes e prolongaranse durante un ano, ata finais de marzo de 2024.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A iniciativa forma parte dos programas de cooperación técnica e económica que está a impulsar a Xunta en colaboración con outras entidades para a transferencia de coñecemento a prol da innovación nos países con baixo índice de desenvolvemento. Neste caso búscase transferir a experiencia e capacidades de Galicia na xestión dos recursos hídricos, un eido prioritario en Mozambique.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO DE SOGAMA PARA AVANZAR NA ECONOMÍA CIRCULAR E CUMPRIR EN PRAZO COS OBXECTIVOS EUROPEOS DE XESTIÓN DOS RESIDUOS**

- O Consello aprobou hoxe o PIA do complexo medioambiental da empresa en Cerceda porque presta un servizo básico e esencial no conxunto de Galicia, xa que se ocupa da xestión e do tratamento dos residuos urbanos producidos por 295 concellos
- Esta cualificación facilitará ampliar a súa actividade a novos espazos e dará a Sogama máis capacidade de actuación para poder completar dentro da súa infraestrutura industrial o circuíto da xestión e reciclaxe dos residuos, coa construción, no futuro, de novas instalacións destinadas a este fin
- É o primeiro proxecto de interese autonómico que se aproba na Comunidade galega
- O ámbito de actuación proposto ten unha superficie de 805.431,86 metros cadrados e está conformado por 18 parcelas, incluída a correspondente ás actuais instalacións

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de interese autonómico (PIA) de Sogama, un instrumento de ordenación propio que permitirá que a empresa pública poida seguir mellorando a eficiencia das súas actuais instalacións en Cerceda e contribúa, deste xeito, a avanzar cara á implantación da economía circular en Galicia e o cumprimento en prazo dos obxectivos europeos en materia de xestión de residuos municipais.

A solicitude de declaración do Complexo Medioambiental de Cerceda como proxecto de interese autonómico fundaméntase no carácter básico e esencial do servizo público que presta Sogama no conxunto do territorio galego a través da xestión e do tratamento dos residuos urbanos que producen os 295 concellos adheridos ao seu sistema.

Así, cómpre subliñar que nas instalacións da empresa pública lévase a cabo o tratamento diario de 2,2 millóns de quilos de lixo, que poden chegar aos 3,5 millóns en época estival, incluíndo a selección dos materiais susceptibles de ser reciclados.

Sen embargo e malia este carácter supramunicipal, xa que Sogama dá servizo ao 94% das entidades locais galegas e a unha poboación superior a 2,2 millóns de habitantes, o complexo medioambiental da compañía rexíase ata o de agora polas Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cerceda, un instrumento urbanístico do ano 1996 e que implica importantes limitacións en canto a superficie edificable, volumes e alturas; condicionando, deste xeito, calquera actuación que a empresa queira materializar para mellorar as prestacións das súas instalacións.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, Sogama decidiu tramitar o PIA co fin de substituír as referidas normas subsidiarias do planeamento e dotarse dun instrumento de intervención directa, previsto na Lei de ordenación do territorio e que ten por obxecto planificar e proxectar a execución de actuacións que transcenden o ámbito municipal pola súa especial incidencia, como é o caso. De feito, o PIA de Sogama é o primeiro que se aproba definitivamente en Galicia desde a creación desta figura por lei no ano 2021.

A cualificación de interese autonómico da planta de Sogama facilitará e axilizará a ampliación no futuro das súas instalacións en Cerceda, habilitando á empresa a ampliar a súa actividade e construír novas edificacións nos terreos dos que dispón sen someterse aos condicionantes urbanísticos das normas subsidiarias; e permitirá tamén adaptar os parámetros de edificabilidade e alturas ás súas necesidades reais.

Así, a futura ampliación permitirá realizar o ciclo completo de reciclaxe no propio complexo dotándoo de novas instalacións orientadas a converter os residuos en recursos como, por exemplo, unha planta de recuperación de escouras ou unha instalación para a clasificación de residuos téxtiles.

Tendo en conta que Galicia está avanzando cara a un modelo de desenvolvemento baseado na economía circular e orientado cara ao máximo aproveitamento dos produtos e o mínimo consumo de recursos, o PIA permitirá a Sogama responder de forma efectiva aos retos deste sistema, habilitando novos espazos que permitan completar o proceso de xestión sostible dos residuos municipais no seu Complexo Medioambiental.

En concreto, facilitarase a recuperación dos materiais contidos nos residuos conforme aos parámetros da economía circular ao transformar os residuos en recursos, ben mediante a súa reciclaxe –no caso daqueles que poidan ser valorizados por esta vía–, ben a través da súa recuperación enerxética –no caso da fracción non reciclable–, evitando o seu depósito en vertedoiro, que é a peor das opcións debido ao seu negativo impacto para o medio ambiente e a saúde.

Ademais, a posta en marcha de novas instalacións para completar o circuíto da xestión sostible dos residuos tamén permitirá á entidade xerar riqueza e emprego máis aló do milleiro de postos de traballo, entre directos e indirectos, que sostén actualmente.

O ámbito de actuación proposto ten unha superficie total de 805.431,86 metros cadrados e está conformado por 18 parcelas, incluída a correspondente ás actuais edificacións do complexo, que ocupan 50.000 metros cadrados. Ademais, o prazo previsto no PIA para iniciar calquera obra de ampliación ou mellora será de 5 anos desde a aprobación deste instrumento.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En definitiva, grazas ao PIA aprobado hoxe polo Consello da Xunta, Sogama terá capacidade para consolidar a súa actual posición de referencia como a planta máis eficiente de Europa, e responder de forma efectiva aos retos inherentes a un sistema económico circular, facilitando deste xeito que Galicia acade unha maior autosuficiencia e avance con firmeza cara a un futuro máis sostible.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA OS PROXECTOS DO EIXE DE MOBILIDADE SOSTIBLE ENTRE O MILLADOIRO, A ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO E SAN CAETANO, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO DE 10,6 M€**

- Autorízanse as expropiacións para impulsar estes itinerarios, que están consensuados co Concello e que crearán un percorrido de novo trazado exclusivo para peóns e ciclistas con pendentes moderadas e mínima interacción co tráfico
- Executarase un primeiro tramo entre O Milladoiro e a estación intermodal e continuará o segundo entre a terminal e o complexo administrativo San Caetano
- As actuacións desenvolveranse de xeito coordinado, tendo en conta que o prazo de execución do tramo de conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal é de 18 meses e o do segundo treito entre a rúa Clara Campoamor e San Caetano é de 15
- O Goberno galego avanza neste eixe de 10,5 km que conectará o Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a intermodal San Caetano cun investimento global da Xunta de preto de 11,6 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos de trazado para desenvolver o eixe de mobilidade sostible entre O Milladoiro, a estación intermodal e o complexo administrativo de San Caetano, no concello de Santiago, que suporá un investimento de preto de 10,6 M€.

Este orzamento autonómico inclúe o pagamento dos 363 predios necesarios para impulsar estes itinerarios, que están consensuados co Concello de Santiago, co obxectivo de crear na cidade un percorrido exclusivo para peóns e ciclistas de novo trazado, pendentes moderadas e sen apenas interacción co tráfico rodado.

Os dous tramos deste novo eixe de mobilidade cuxos proxectos se aproban hoxe (que se completarán cun terceiro de conexión do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago) correspondéndose, o primeiro coa conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal, que contará cun orzamento de 7,9 M€; e un segundo treito, no que o itinerario partirá da rúa Clara Campoamor, na estación intermodal, e finalizará en San Caetano, cunha lonxitude de 5,9 km e un orzamento de case 2,7 M€.

De xeito xeral, a senda entre O Milladoiro e a estación intermodal, de 3,5 km de lonxitude, comezará no núcleo do Milladoiro, no aparcadoiro de Agro do Medio e comunicará a través das rúas Curuxa e Figueiras co eixe Milladoiro-Santiago, o cal discorre inicialmente entre a SC-20 e a AP-9, pasando por encima dos túneles de ADIF e conectando coa rúa Virxe do Rial.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A partir da rúa Virxe do Rial, o itinerario entra no antigo túnel de Adif, que será obxecto de acondicionamento e continúa polo Banquete de Conxo, o parque do Restollal e as Brañas de Sar, ata enlazar co actual itinerario de Clara Campoamor, á altura da estación intermodal.

No segundo treito da senda, que partirá da rúa Clara Campoamor e finalizará en San Caetano, a intervención comezará polo acondicionamento dos treitos actuais, aos que se lle dará continuidade nas partes que non os hai, ao longo da marxe sur da liña do ferrocarril, ata a rúa Fontes do Sar.

Ademais prevese o cruzamento da SC-20 aproveitando o paso inferior da rúa Fontes do Sar, para subir polas rúas de Fontiñas, coincidindo coa ruta Eurovelo ata o nó de Concheiros, recentemente remodelado e xa nas proximidades do complexo administrativo da Xunta. A maiores, como itinerario alternativo para peóns, máis curto pero de maior pendente, propónse a avenida de Lugo, polo que se mellorará o paso inferior baixo a SC-20 á altura da rúa Batalla de Conxo.

Tras a análise das achegas recibidas durante o trámite de información pública deste eixe, reducirase ata a metade a superficie a expropiar no entorno do lugar do Reiro e eliminaranse as pasarelas sobre o río Sar, empregando para o cruce as pontellas existentes.

No contorno do Antigo Mosteiro de Conxo, utilizarase a plataforma do camiño existente, sen ampliar a explanación e cun pavimento o máis natural posible, mentres que no paso por baixo da estrada de Deputación, darase continuidade ao itinerario, acondicionando e limpando a contorna coa finalidade de mellorar o aspecto que presenta na actualidade.

Atendendo ás suxestións presentadas, elimínase a conexión da rúa Ramón Baltar, que quedará pendente de desenvolvemento en consenso e coordinación co Plan Especial de protección e rehabilitación da igrexa, hospital psiquiátrico e mosteiro de Conxo, que actualmente se atopa en fase de tramitación ambiental.

Na contorna da Colexiata do Sar, o trazado finalmente adoptado será o que vai polo viario existente que discorre pegado á liña do ferrocarril e que conecta a rúa de Clara Campoamor coa rúa de Sar, en lugar do itinerario pola contorna da Colexiata de Sar proposto inicialmente.

A aprobación definitiva destes proxectos leva implícita tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar estas intervencións, promovidas pola Xunta ao abeiro do programa europeo dos Fondos

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Next Generation, co fin de favorecer desprazamentos menos contaminantes nas cidades galegas e nas súas contornas, fomentando a diminución de emisións de gases á atmosfera.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé elevar ao Consello da Xunta a autorización para a licitación das obras neste mes de marzo e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de comezar os traballos de estes dous itinerarios no outono.

As actuacións desenvolveranse de xeito coordinado, tendo en conta que o prazo de execución do tramo de conexión entre O Milladoiro e a estación intermodal é de 18 meses, e o do segundo treito, entre a intermodal e San Caetano, de 15 meses.

A Xunta continúa traballando na materialización e desenvolvemento deste eixe de mobilidade sostible coa aprobación hoxe do proxecto de trazado dos dous primeiros treitos, no marco da creación deste eixe que conectará o Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a intermodal e o complexo administrativo de San Caetano: case 10,5 km de itinerarios que suporán un investimento global da Xunta de preto de 11,6 M€.

Plano de planta da actuación treito 1:



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### Pano treito 2



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE MELLORA DE 63 PARADAS DE AUTOBÚS NOS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN, ROIS, SANTIAGO, TEO E VEDRA CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,9 M€**

- As actuacións consisten na dotación de marquesiñas, na mellora da accesibilidade con ramplas e información en braille e no incremento da visibilidade e iluminación
- As obras licitaranse a finais de marzo para comezar os traballos no outono
- Actuarase en 2 paradas ao seu paso polo municipio de Dodro; 2 en Padrón; 7 en Rois; 8 en Santiago; 34 en Teo; e 10 en Vedra
- Como resultado da información pública, incorpóranse modificacións en 7 paradas para a súa mellor integración na contorna e elimínanse 3, co obxectivo prioritario de mellorar a funcionalidade e diminuír a afección, en especial a accesos e aparcadoiros
- A Xunta tamén deu conta hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para o citado proxecto
- Estas intervencións enmárcase no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de mellora da accesibilidade e conectividade de 63 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas dos concellos de Dodro, Padrón, Rois, Santiago de Compostela, Teo e Vedra, que suporán un investimento autonómico de máis de 1,9 M€.

O Executivo autonómico tamén deu conta da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para desenvolver estes proxectos nun total de oito estradas autonómicas (AC-241, AC-242, AC-301, AC-307, AC-453, AC-543, AC-841 e AC-960).

A aprobación definitiva do proxecto inclúe, tamén, a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 52 predios necesarios para levar a cabo as intervencións. A superficie de expropiación definitiva é de 2.183,71 m<sup>2</sup>.

A Xunta prevé licitar as obras a finais de marzo e convocar o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre, para comezar os traballos no outono.

Máis en detalle, con este proxecto para actuar no ámbito das rutas de acceso á cidade de Santiago polo sur, melloraranse 2 paradas en Dodro; 2 en Padrón; 7 en Rois; 8 en Santiago; 34 en Teo; e 10 en Vedra.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As intervencións previstas suporán o acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas. Tamén se prevé a instalación de novas marquesiñas, ademais de actuacións complementarias de drenaxe, condución de servizos ou colocación de varandas para protexer os usuarios aí onde poida haber desniveis.

No marco destas intervencións, en primeiro lugar, priorízase a localización óptima destas infraestruturas, en tramos rectilíneos e con visibilidade, en treitos nos que a pendente da estrada é menor, próximas aos itinerarios accesibles e en zonas iluminadas.

Os traballos que se acometerán nas paradas consistirán en melloras do equipamento, como a dotación de marquesiñas, postes, bancos ou apoio isquiático.

Tamén se levará a cabo a mellora da accesibilidade para peóns, en xeral, e para persoas con mobilidade reducida, a través de medidas como a conexión das paradas cos itinerarios peonís, a execución de ramplas de acceso, información en braille ou pavimento podotáctil.

As obras incluirán medidas de seguridade, para o que se procederá á eliminación de vexetación, á mellora da visibilidade e da iluminación ou á ampliación do espazo ao redor das paradas.

Ademais, as intervencións prevén o reforzo da información e da sinalización, colocando planos de situación e percorridos ou sinais indicativos das paradas.

Como resultado da información pública, no proxecto que definitivamente se aproba hoxe adoptáronse varios cambios co obxectivo prioritario de mellorar a funcionalidade e diminuír a afección, en especial, a accesos e a prazas de aparcadoiro.

Así, modificouse o deseño nun total de 7 paradas para adaptalas mellor á contorna. En concreto, estas modificacións inclúen modificacións nunha parada en Urdilde; outra en Pontevea; nas de Cacheiras-gardería e Cacheiras; nunha parada en Fontenla Campos; noutra no cruce de Sarandón, e na que se corresponde con Trobe 2.

Ademais, elimináronse do proxecto tres paradas: unha en Pontevea, outra en Samil e a terceira en Rois, dado que para a mellora das paradas resultaba necesaria unha excesiva afección.

Estes proxectos forman parte do Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.


### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os proxectos están financiados ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea–Next Generation EU e enmárcanse no Plan de infraestruturas da Xunta para unha mobilidade segura, verde e intelixente.

Plano de situación das paradas:



Imaxes exemplo de planta das actuacións a executar nestas estradas autonómicas:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA COLABORA COAS DIOCESES PARA A CONSERVACIÓN DE OITO IGREXAS QUE FORMAN PARTE DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA**

- O Consello da Xunta autoriza a renovación do convenio dotado con 250.000 euros, un 25 % máis, para sufragar pequenas actuacións de protección, conservación e rehabilitación destes bens patrimoniais
- Actuarase nas igrexas de Proendos (Sober), San Miguel de Cora (A Estrada), San Xoán Bautista de Eirís (A Coruña), Santa María de Candedo (Chandrexo de Queixa), San Martiño de Loiro (Barbadás), San Xiao de Senra (Ortigueira), San Miguel de Riofrío (Mondariz) e Santa Ana da Portela do Trigal (Carballedo de Valdeorras)

O Consello da Xunta aprobou hoxe a renovación do convenio da Xunta coas dioceses galegas para contribuír a pequenas actuacións de conservación en mantemento de oito igrexas parroquias da súa titularidade que forman parte do patrimonio cultural de Galicia.

O convenio, dotado con 250.000 € (50.000 euros máis que o ano pasado, o que supón un incremento do 25 %), ten por obxecto a realización de intervencións de protección, conservación e rehabilitación destes bens patrimoniais eclesiásticos durante este ano.

Aínda que a achega global medra en 50.000, as porcentaxes para cada unha das dioceses non varía. Deste xeito, a Diocese de Lugo recibirá unha achega de 61.500 euros (o 24,60 %), a Arquidiocese de Santiago 53.750 € (o 21,50 %), a de Ourense 47.250 euros (18,90 %), a de Mondoñedo-Ferrol 39.500 € (15,80 %), a de Tui-Vigo 31.750 € (12,70 %) e a de Astorga 16.250 euros (6,50 %).

Ao abeiro do dito convenio, na Diocese de Lugo intervírase no conxunto parroquial da igrexa de Proendos (Sober), e na Arquidiocese de Santiago acometeranse intervencións nas igrexas de San Miguel de Cora (A Estrada) e de San Xoán Bautista de Eirís (A Coruña) do antigo sanatorio Labaca.

Na Diocese de Ourense intervírase na igrexa de Santa María de Candedo (Chandrexo de Queixa) e na de San Martiño de Loiro (Barbadás); na de Mondoñedo-Ferrol inclúense obras de conservación na cuberta da igrexa de San Xiao de Senra (Ortigueira); na de Tui-Vigo o convenio abrangue a conservación da igrexa de San Miguel de Riofrío (Mondariz), e na de Astorga intervírase no retablo de Santa Ana da Portela do Trigal (Carballedo de Valdeorras).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Colaboración estable**

O convenio enmárcase na colaboración estable que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mantén coas dioceses galegas para a posta en valor do patrimonio cultural galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 1,3 M€ NA MELLORA DE 74 CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER E NA AMPLIACIÓN DA REDE DE PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR DE GALICIA**

- O Consello da Xunta abordou a resolución do novo programa de axudas ás entidades locais para a rehabilitación do equipamento dos CIM
- Tras unha ampliación de crédito, que se aprobará nas vindeiras datas, os apoios permitirán chegar cun orzamento de preto de 760.000 euros a todas as solicitudes presentadas que cumpriron cos requisitos
- Promoción do Emprego e Igualdade, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, doutro lado, transferirá 523.237 euros a Política Social e Xuventude, a área titular dos puntos de encontro familiar, para contribuír á súa ampliación e mellora
- Este acordo permitirá tamén garantir a efectiva detección e a derivación aos servizos de atención integral especializada dos casos de violencia contra as mulleres, así como daqueles casos en que as fillas e fillos menores tamén sexan vítimas directas

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade investirá preto de 1,3 millóns de euros (1.282.378,09 euros) na mellora e rehabilitación de 74 Centros de Información á Muller (CIM) e na ampliación da rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia (PEF), dous recursos nos que, entre outros colectivos, se presta atención e apoio ás vítimas de violencia de xénero.

O Consello da Xunta abordou hoxe, dun lado, a resolución do programa de axudas, que se convocou por primeira vez este ano, destinado ás entidades locais para a mellora e rehabilitación do equipamento dos CIM. O Goberno galego investirá, en global, nesta actuación, tras unha ampliación de crédito que se aprobará nas vindeiras datas, preto de 760.000 euros (759.140,21 euros) para chegar a todas as solicitudes que se presentaron e cumpriron cos requisitos da orde. Deste xeito, en total beneficiaranse destes apoios un total de 74 CIM. A contía media da axuda concedida por cada entidade local foi de 10.182 euros. É preciso destacar que todas as entidades recibirán a cantidade solicitada.

Galicia conta en total con 84 Centros de Información á Muller (CIM) que dan cobertura a 193 concellos e atenden unha media de 9.500 mulleres cada ano.

O Goberno galego quere poñer en valor estes centros como recurso esencial na atención integral e de proximidade ás mulleres e, nomeadamente, ás vítimas da violencia de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xénero. Por este motivo, estreou este ano esta nova liña de apoios que puideron solicitar as entidades locais, en xestión individual ou conxunta, titulares dalgún CIM.

Fináncianse con estas axudas as actuacións de mellora da conservación, da eficiencia enerxética, da accesibilidade e da habitabilidade dos edificios que acollen estes recursos. Tamén a adquisición de equipamento informático (ordenadores, monitores, impresoras), de oficina (fotocopiadoras e similares) e de mobiliario (mesas, cadeiras...).

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade está a impulsar o traballo de promoción da igualdade e de loita contra a violencia de xénero no eido local. En contacto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) está a perfilar melloras para a Rede de Centros de Información á Muller (CIM).

### **Puntos de encontro familiar**

Igualdade, doutra banda, asinará no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, un acordo de colaboración con Política Social e Xuventude polo que lle transferirá 523.237 euros para a ampliación da Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia (PEF) a través da que se proporciona ás familias e ás nenas e nenos en situacións de crise o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente.

Estes centros, titularidade da Consellería de Política Social e Xuventude, e que xestionan diversas entidades sociais sen ánimo de lucro, favorecen, polo tanto, as relacións entre os menores e as súas familias cando nunha situación de separación, divorcio, nulidade, tutela ou calquera outro suposto de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas se vexa paralizado ou seu cumprimento resulte difícil ou conflictivo.

Na actualidade existen en Galicia oito puntos de encontro familiar, sete deles situados nas cidades galegas e un na comarca do Barbanza. O obxectivo é chegar aos 14, polo tanto, a través deste investimento de máis de 520.000 euros contribúese a esta ampliación do servizo en comarcas como A Mariña Lucense, O Deza e Monterrei, entre outras.

En concreto, este acordo permitirá colaborar coa Consellería de Política Social e Xuventude na rehabilitación dun local social cedido polo Concello de Cervo para a implantación dun Punto de Encontro Familiar na Mariña Lucense; no acondicionamento de dous baixos cedidos polo Concello de Lalín, para a apertura dun PEF na comarca do Deza, e na mellora dun local no concello de Verín para poñer en marcha outro que dea servizo á poboación da zona sureste da Comunidade Autónoma de Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A característica dispersión da poboación en Galicia require dun investimento extra que achegue estes servizos á cidadanía evitando os longos desprazamentos ás persoas usuarias, maioritariamente menores. Con este acordo, ademais das melloras previstas, preténdese, así mesmo, garantir a efectiva detección, desde a perspectiva de xénero e infancia, e a derivación, aos servizos de atención integral especializada, dos casos de violencia contra as mulleres, así como daqueles casos en que os fillos e fillas menores tamén son vítimas directas da violencia de xénero exercida sobre as súas nais.

Os Puntos de Encontro Familiar en Galicia regúlanse a través do Decreto 96/2014, do 3 de xullo, aínda que tamén están recollidos no artigo 53 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Os principais tipos de intervención que se realizan nos PEF, respecto da execución do réxime de visitas, son as entregas e recollidas dos menores, que consiste na intervención dos profesionais nos momentos en que os familiares acoden ao servizo para entregar ou recoller a persoa menor; visitas tuteladas, que son aquelas que teñen que desenvolverse baixo a supervisión e presenza continuada dunha persoa profesional do centro por un tempo máximo de dúas horas, e visitas supervisadas, as que desenvolven no centro sen requirir a presenza continuada do equipo técnico.

Os puntos de encontro familiar (PEF) atenden máis de 2.700 usuarios ao ano, contando cos menores e pais e nais. En total suman 17.600 intervencións anuais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA DESTINA 6,8 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DA VACINA FRONTE AO HERPES ZÓSTER

- A estratexia de vacinación en Galicia recolle a incorporación da vacinación sistemática fronte ao herpes zóster na poboación xeral que faga 65 e 80 anos de idade en 2023

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva da vacina fronte ao herpes zóster, por un importe total de licitación de 6.887.858 euros. Con esta contratación, continúaase coa protección das persoas de 18 e máis anos pertencentes a grupos de alto risco como son: transplante autólogo de proxenitores hematopéticos; transplante de órgano sólido, tratamento con fármacos anti-JAK; persoas estables con terapia antirretroviral; hemopatías malignas, e tumores sólidos en tratamento con quimioterapia.

E ademais, permitirá ampliar o número de pacientes que recibirán estas vacinas. A estratexia de vacinación en Galicia recolle tamén a incorporación da vacinación sistemática fronte ao herpes zóster na poboación xeral que faga 65 anos e 80 anos en 2023.

Por iso, o número de consumos estimados é dun total de máis de 50.000 doses entre o ano 2023 e o seguinte. A medida que se vacinen estas idades, e en función da disponibilidad de doses, valorarase a inclusión de máis cohortes de idade de maneira progresiva.

Está previsto que a vacinación comece a realizarse no mes de xuño.

O herpes zóster é unha enfermidade da pel que se caracteriza pola aparición dun erupción en forma de pequenas bochas, normalmente no torso, aínda que tamén poden aparecer no abdome, nas pernas ou na cara. É unha enfermidade de baixa mortalidade, pero moi prevalente, con maior incidencia a partir dos 50 anos e aumenta de maneira considerable coa presenza de inmunodepresión e certas condicións de risco. As súas complicacións, sobre todo a neuralxia postherpética (NPH), poden ocasionar discapacidade e diminución da calidade de vida, constituíndo un importante problema de saúde e de carga para a sociedade.

### Programa galego de vacinación

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo de máis longa historia entre as actividades de saúde pública, contando cun amplo consenso respecto á súa efectividade e eficiencia. A xestión eficaz deste programa, que leva a cabo a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, implica a subministración de maneira permanente das diversas vacinas que se encontran incluídas no calendario vacinal.

No ano 2021, Galicia introduciu a vacinación fronte ao herpes zóster nun grupo reducido de persoas, altamente susceptibles, as receptoras de transplante de proxenitores hematopoiéticos autólogo (medula ósea) de 50 ou máis anos, con transplante recente.

Posteriormente, a indicación ampliouse aos maiores de 18 anos. En primeiro lugar a unha parte do grupo de condicións de risco: transplante autólogo de proxenitores hematopoiéticos; transplante de órgano sólido, e tratamento con fármacos anti-JAK, e ao longo do ano 2022, xa se implantou no resto de patoloxías de risco: persoas estables con terapia antirretroviral, hemopatías malignas, e tumores sólidos en tratamento con quimioterapia.

Remarcar, así mesmo, que o programa galego de vacinacións constitúe unha das liñas de traballo con máis historia entre as actividades de Saúde Pública, destacando pola súa rigorosidade e coidado, por iso está entre os mellores de España. Así, en setembro do pasado ano, a Xunta presentou o calendario de vacinación para toda a vida, con importantes novidades para a poboación infantil, como é a incorporación da vacinación sistemática fronte ao virus do papiloma humano nos homes de 12 anos, a incorporación ao calendario infantil da vacinación sistemática fronte ao meningococo B e a vacinación da poboación pediátrica fronte á gripe.

Sinalar que esta nova vacina fronte ao herpes zóster é unha medida que vai no mesmo paquete de reforzo da vacinación, xunto á mellora da vacinación do pneumococo, tras a recente aprobación, por parte do Goberno galego, da compra de 55.000 doses da vacina do pneumococo mellorada, que garante a maior protección á poboación fronte a enfermidades causadas por esta infección, como a meninxite pneumocócica e a pneumonía, que protexerá de 20 serotipos -fronte aos 13 serotipos que inclúen as actuais- reforzando así a inmunización de persoas de 65 anos e a poboación de 18 ou máis anos pertencente a grupos de risco.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE 5,3 MILLÓNS DE EUROS PARA A ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CON SUBSTANCIAS E TRASTORNOS ADITIVOS**

- O Executivo galego renova os convenios de colaboración entre o Sergas e as asociacións Aclad, Cruz Vermella Lugo, Alborada, e Asfedro
- Ao abeiro destes convenios atendéronse o pasado ano un total de 4.000 persoas
- O financiamento que a Xunta vai dedicar este ano á atención ás adicións dende equipos multidisciplinares é de preto de 12 millóns de euros, cantidade que supón un incremento do 5 % respecto do orzamento de 2022, que foi de 11,4 millóns

A Xunta de Galicia autorizou a sinatura de convenios de colaboración entre o Sergas e a Asociación cidadá de loita contra a droga da Coruña (Aclad), a Asociación cidadá de loita contra a droga de Vigo (Alborada), a Asociación Ferrolá de Drogodependencias (Asfedro), e a Asociación Cruz Vermella de Lugo, para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos aditivos, por un importe de 5.310.216 euros.

En concreto, o convenio con Aclad, o importe acada a cantidade de 1.887.654 euros, e auméntase o orzamento nun 5 % respecto do ano anterior. No convenio do ano pasado, foton asistidos un total de 1.678 pacientes. Este acordo entre Sergas e Aclad, permitirá atender toda a demanda que se xere na súa área de influencia, que son os concellos de Abegondo, Cerceda, Oza dos Ríos, Aranga, Cesuras, Paderne, Arteixo, Coirós, Sada, Bergondo, A Coruña, Betanzos, Culleredo, Cambre, Irixoa, Carral e Oleiros. Deste xeito, desenvolveranse programas de asistencia sanitaria especializada dende un enfoque biopsicosocial a persoas con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos aditivos, atendendo á planificación e criterios establecidos polo Sergas.

O convenio coa asociación Alborada acada un importe de 1.680.946 euros, e a súa área de influencia abrangue os concellos de Baiona, Gondomar, Nigrán e Vigo. O ano pasado atendéronse, ao abeiro deste, un total de 928 persoas, e o incremento respecto o 2022 é tamén do 5%.

O convenio con Asfedro acada un importe de 1.046.022 euros, e por medio del, a asociación atenderá toda da demanda dos concellos de Ares, Cabanas, A Capela, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugaros, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Auméntase a súa contía tamén nun 5 % respecto do ano anterior, no cal foron asistidas un total de 1.047 persoas.

Pola súa banda, o convenio que o Executivo galego asina coa asociación Cruz Vermella de Lugo, acada un importe de 695.594 euros, e a súa área de influencia son os concellos de Baralla, Outeiro de Rei, Guitiriz, Becerreá, Portomarín, Muras, Cervantes, Rábade, A Pastoriza, Navia de Suarna, O Incio, Vilalba, As Nogais, Láncara, Xermade, Pedrafita do Cebreiro, Paradela, Antas de Ulla, Baleira, O Páramo, Monterroso, A Fonsagrada, Samos, Palas de Rei, Negueira de Muñiz, Sarria, Meira, Castroverde, Triacastela, Pol, O Corgo, Abadín, Ribeira de Piquín, Friol, Begonte, Riotorto, Guntín, Castro de Rei, A Pontenova, Lugo, Cospeito e Taboada. Tamén a Xunta incrementa o seu orzamento nun 5 % respecto do convenio asinado o pasado ano, e grazas ao cal se atenderon un total de 347 persoas.

Cómpre sinalar que o financiamento que a Xunta vai dedicar este ano á atención ás adicións dende equipos multidisciplinares é de preto de 12 millóns de euros. Esta cantidade supón un incremento do 5 % respecto do orzamento de 2022, que foi de 11,4 millóns.

En todos estes convenios, unha vez que se proceda á súa sinatura, e sempre que a actividade comezase previamente, as asociacións poderán solicitar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á súa xustificación por un importe de ata un máximo do 30 % da contía total do convenio.

Remarcar, así mesmo, que na actualidade, as adicións son consideradas como unha enfermidade que require un tratamento multidisciplinar e personalizado. Ante calquera problema relacionado coas adicións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente ou ben solicitar axuda aos profesionais de Atención Primaria que avaliarán cada caso e derivarán ao centro que proceda.

### **Plan de saúde mental 2020-2024**

O Plan de saúde Mmntal 2020-2024, posto en marcha pola Xunta de Galicia recolle, entre os seus eixes de actuación, a colaboración e a participación de todo o tecido asociativo e das entidades especializadas en saúde mental. Isto traduciuse, por exemplo, en axudas para o financiamento de programas de entidades sociais relacionadas con pacientes con trastornos mentais.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo do plan é completar, a finais do vindeiro ano, un total de 241 novas contratacións de profesionais. Ao respecto, os orzamentos da Xunta para este ano son superiores en dez millóns de euros aos anteriores ao plan, e o Goberno galego xa contratou máis de 130 profesionais.

Así mesmo, o obxectivo da Xunta é que esas novas prazas se cubran de xeito estable, por iso impulsou unha lei de medidas extraordinarias para prazas de difícil cobertura, na que incluiu as de primaria, as dos hospitais comarcais e as dos servizos de saúde mental, e, neste mesmo ano, vai poder cubrir por concurso de méritos máis de 170 prazas de psiquiatría, psicoloxía clínica e enfermería especialista.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA ADQUIRE 5.000 DOSES MÁIS DA VACINA CONTRA A HEPATITE A PARA ADULTOS

— Por un importe de 115.000 euros

A Xunta de Galicia autorizou á Consellería de Sanidade a compra dun total de 5.000 doses máis da vacina contra a hepatite A para adultos, por un importe de 115.440 euros.

Cómpre sinalar que a hepatite A é unha enfermidade infecciosa aguda, producida polo virus da hepatite A (VHA). As manifestacións da enfermidade abranguen desde un período de síntomas inespecíficos, como falla de apetito, náuseas e malestar xeral, ata a ictericia (color amarelo en pel e mucosas) e sinais de lesión hepática. A enfermidade, que ten un período de incubación de entre 15 e 50 días, co promedio en 28-30 días, soe ser moi leve en nenos e máis grave nos adultos, nos cales non é rara a hospitalización.

O Programa galego de vacinación constitúe unha das liñas de traballo máis recoñecida en Saúde Pública. Neste programa, recóllense tanto as vacinas do calendario sistemático como os produtos inmunobiolóxicos dirixidos a grupos de risco e situacións especiais, e é responsabilidade da Dirección Xeral de Saúde Pública o abastecemento adecuado e ininterrompido a todos os puntos de vacinación, de maneira que non se altere a dinámica de traballo cotián dos centros asistenciais.

No contexto da pandemia da COVID-19, os consumos de vacinas relacionadas con movementos de viaxeiros diminuíron de maneira moi importante, o que fai moi complicada a estimación de doses. Entre as vacinas afectadas pola restricións de mobilidade na pandemia está a vacina fronte á hepatite A (VHA).

Os grupos de risco en que está indicada esta vacina son, ademais de viaxeiros, VIH, homes que teñen sexo con homes (HSH), hepatopatías crónicas e determinados grupos por exposición laboral, debido ás restricións na atención sanitaria durante a pandemia.

Unha vez se foron eliminando as restricións tanto nas viaxes coma na asistencia sanitaria, os consumos foron aumentando. A este aumento contribuíu, na segunda metade do ano 2022, a coincidencia no tempo coa vacinación fronte á varíola do mono a determinados grupos de risco (VIH,HSH) que, sendo tamén de risco para a hepatite A, foron captados e vacinados tamén contra a hepatite A. Estes feitos provocaron un desaxuste entre as doses estimadas no expediente baseado do Acordo marco asinado o 20 de abril do 2022 por dous anos, e as necesidades que realmente se produciron.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACHEGARÁ 190.000 EUROS A ATEGAL PARA A FORMACIÓN E ACTIVIDADES DIRIXIDAS A MAIORES

O Goberno galego consolida o aumento de fondos dun 25 % realizado á entidade o pasado ano

O Consello da Xunta autoriza un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos (Ategal) para dar continuidade ao desenvolvemento das aulas sénior de Galicia un ano máis. O orzamento deste acordo volverá ser de 190.000 euros, mesma cantidade que no 2022 e un 25 % máis que no 2021.

Esta contía permitirá continuar coa rebaixa do 10 % da matrícula e impulsar todas as actividades presenciais. O ano pasado foron máis de 1250 os alumnos que formaron parte desta iniciativa e este ano agárdase seguir aumentando a participación.

O programa de Ategal engloba actividades de formación dirixidas aos nosos maiores en catro áreas diferentes. Na área cultural inclúense seminarios de historia, de linguas, de literatura e de xeografía; a de dinámica ocupacional conta con obradoiros de debuxo, pintura, manualidades, teatro ou música; e na área de saúde integral ofrécense actividades como ximnasia, ioga, tai-chi, pilates ou obradoiros de memoria. Por último, dentro do ámbito do lecer organízanse viaxes de fin de curso, visitas culturais, asistencia a concertos, conferencias ou encontros entre as diferentes aulas sénior.

#### **Envellecemento activo**

Este convenio enmárcase na aposta do Executivo autonómico por apoiar todas aquelas iniciativas que favorezan o envellecemento activo. Trátase de que as galegas e galegos de máis idade teñan ao seu alcance unha ampla oferta de actividades que favorezan a súa estimulación intelectual e física, nas que poidan participar e que lles acheguen un maior benestar e calidade de vida.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA CONVOCARÁ ESTE ANO 3 MILLÓNS DE EUROS PARA A REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑEDOS CO OBTXECTIVO DE INCREMENTAR A PROFESIONALIZACIÓN DO SECTOR**

- O Consello da Xunta autorizou hoxe esta orde de axudas da Consellería do Medio Rural, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*
- Subvencionarase a replantación de viñas, a reconversión varietal e a mellora das técnicas de xestión de viñas
- O obxectivo é aumentar a competitividade dos viticultores mediante unha redución de custos, unha mellora dos sistemas de produción sustentables e unha maior orientación aos diferentes mercados, ao tempo que se promove a remuda xeracional

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á nova orde de axudas da Consellería do Medio Rural para os plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia, que contará cun orzamento de 3 millóns de euros na convocatoria deste 2023.

O obxecto desta liña de achegas é aumentar a competitividade dos produtores vitivinícolas, mellorar os sistemas de produción sustentables e a pegada ambiental deste sector produtivo. Así, preténdese diminuír os custos das explotacións e apostar polo seu redimensionamento ao levar a cabo reaxustes estruturais. Tamén se fomenta a adaptación das variedades ás demandas do consumidor, ao tempo que se preservan as viníferas autóctonas galegas, de menores rendementos e elevada calidade diferenciada, aproveitando así a gran vantaxe competitiva que supón a súa diferenciación no mercado.

Deste xeito, a través destas achegas aumenta o grao de profesionalización do sector vitícola galego, ao tempo que se potencia a remuda xeracional e un desenvolvemento rural socialmente viable facilitando o acceso ás explotacións de persoas viticultoras mozas e capacitadas, en particular das mulleres viticultoras de Galicia.

Poderanse beneficiar destas axudas as persoas viticultoras inscritas no Rexistro Vitícola cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación, cunha superficie máxima subvencionable de 20 hectáreas por persoa viticultora. Estas achegas aplicaranse ás superficies vitícolas onde se leven a cabo operacións de replantación de viñas, reconversión varietal e/ou melloras das técnicas de xestión das viñas.

Cabe recordar que cada viticultor deberá seleccionar o seu propio calendario de execución, escollendo entre unha execución anual ou bienal. Os beneficiarios poderán

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitar anticipos de ata un 80 % da axuda aprobada, no caso de que precisen efectuar pagamentos inmediatos dado o investimento proxectado, sempre e cando constitúan unha garantía por un importe cando menos igual ao do pagamento anticipado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 8,3 M€ NO PLAN INNOVA FP GALICIA PARA IMPULSAR A INVESTIGACIÓN APLICADA E O EMPRENDIMENTO NESTAS ENSINANZAS**

- Crearase unha nova rede especializada cos centros que desenvolvan este tipo de iniciativas
- Impulsarase o programa InnovaTechFP, con retos tecnolóxicos que o alumnado deberá resolver en equipos mixtos e co obxectivo de mellorar o medio rural
- Dotaranse os centros de máis material de simulación e equipamento para a innovación aplicada
- Deseñarase un programa de emprendemento industrial e un protocolo de protección da propiedade e rexistro de patentes para os centros educativos, profesorado, alumnado e titulados
- Crearanse sete novos viveiros de empresa en centros educativos e incrementaranse as aulas de emprendemento en case o 70 %

O Goberno galego investirá 8,3 M€ no Plan Innova FP Galicia que ten como obxectivo o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e no emprendemento na FP galega. O Consello da Xunta analizou hoxe esta iniciativa, que se enmarca na Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada o pasado ano, e que inclúe entre os seus obxectivos o impulso da innovación aplicada na FP, e o desenvolvemento de iniciativas de emprendemento nos centros que imparten estas ensinanzas en colaboración co tecido produtivo galego. A aprobación do plan coincide coa celebración en Santiago do V Congreso FP Innova, que cita estes días máis de 7.000 alumnos.

O obxectivo do plan da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é dar visibilidade ao potencial innovador e investigador do profesorado e dos centros de FP, ao tempo que se planifican as actuacións neste eido, se implementan programas específicos que transfiran I+D+i ao tecido produtivo desde o sistema educativo e se melloran os equipamentos dos centros. Así mesmo, búscase establecer as bases para a definición de protocolos de actuación en materia de protección da propiedade industrial e rexistro de patentes, permitindo a xeración do ecosistema necesario para o desenvolvemento da Formación Profesional neste ámbito.

De xeito paralelo, promoveranse liñas de actuación que colaboren na redución da fenda de xénero no emprendemento industrial e na innovación tecnolóxica e que favorezan o desenvolvemento rural.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Nova Rede de Centros de Investigación e Innovación aplicada**

O Plan Innova FP Galicia estrutúrase en tres bloques: fomento da innovación aplicada, impulso do emprendemento e visualización da innovación aplicada na FP. Malia que o seu desenvolvemento se apoiará no Centro Galego de Innovación na Formación Profesional Eduardo Barreiros e nos centros integrados de FP, o primeiro dos bloques inclúe a creación da Rede de Centros de Investigación e Innovación aplicada na FP galega.

Estará constituída por aqueles centros que formen parte das redes de excelencia nacionais ou internacionais (na actualidade forman parte da Rede Estatal de Centros de Excelencia os centros integrados Carlos Oroza, As Mercedes e Ánxel Casal-Montealto), os centros integrados de FP e todos os que se impliquen en proxectos de alto valor engadido co Eduardo Barreiros. Esta nova estrutura permitirá contar con referentes distribuídos por todo o territorio da nosa comunidade, impulsando a súa colaboración co tecido produtivo.

Ademais, entre as novas accións deste primeiro bloque figura a convocatoria do programa InnovaTechFP para o fomento da innovación tecnolóxica entre o alumnado. Consistirá no lanzamento de retos tecnolóxicos aos estudantes, que terán que resolver en equipos mixtos, e que terán como obxectivo a mellora e desenvolvemento do medio rural.

### **Mellores equipamentos**

O primeiro dos bloques do plan complétase co fortalecemento de varios dos programas que xa ten en marcha a Consellería de Educación, como o fomento do desenvolvemento de proxectos de innovación didáctica e tecnolóxica, a través da colaboración público-privada (centro-empresa). Desde o 2013 financiáronse 279 proxectos nos cales colaboraron 374 empresas e outras entidades. O obxectivo é favorecer esta actividade coa previsión de ter incrementado ata os 50 anuais o número total de premios a estas iniciativas no ano 2024.

Un dos eixes principais da Estratexia Galega de FP 2030 é a dixitalización de espazos formativos e talleres mediante o uso de novas tecnoloxías que permitan simular condicións de traballo próximas ás que o alumnado vai atopar nos distintos sectores produtivos. Neste sentido, está previsto duplicar os espazos de tecnoloxía aplicada en centros educativos de FP, aulas que imitan as contornas laborais, nas cales se poidan empregar metodoloxías baseadas en proxectos ou retos próximos a cada sector produtivo, incorporando recursos baseados en tecnoloxías dixitais tales como simuladores ou xemelgos dixitais ou a integración de aulas e talleres en espazos únicos que integren aprendizaxes teórico-prácticas. Na actualidade hai 27 destes espazos e o obxectivo é superar os 50 no próximo ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén no eido da mellora de equipamento, impulsárase a implantación de simuladores de realidade virtual e de realidade aumentada na FP. A previsión é chegar aos 65 simuladores en funcionamento, en máis de 200 centros.

Entre os anos 2021 e 2022 a Consellería de Educación investiu 1,1 M€ neste tipo de equipamento e licenzas. Na actualidade, nos centros de FP hai simuladores de realidade virtual (de emerxencias sanitarias, de vehículos eléctricos e híbridos, de cociña e restauración, de instalacións de caldeiras de vapor industrial, de hixiene bucodental...), así como de *Smart factory* (solucións de automatización e fabricación intelixente), de escritorio (simulación de procesos industriais) e de empresas (aplicación de creación e xestión de empresas simuladas). Ademais, a través de programas nacionais e internacionais desenvóléronse outros, como os de vernizado, pintado do automóbil, de soldadura, de condución de ambulancias, etc.

### **Emprendemento industrial**

No eido do emprendemento, a principal novidade é o deseño do Programa de emprendemento industrial na FP de Galicia. No seu marco elaborárase un protocolo de protección da propiedade industrial no ámbito da FP, que permitirá establecer as bases para a xestión de propiedade industrial e rexistro de patentes para os centros educativos, profesorado, alumnado e egresados destas ensinanzas. Configurarase como unha carteira de servizos que permitirá contribuír ao desenvolvemento tecnolóxico e á mellora de competitividade do tecido produtivo galego.

Ademais, facilitarase que o alumnado que está a desenvolver proxectos empresariais innovadores con posibilidade de desenvolvemento industrial poidan facelo a través do Viveiro industrial do Centro Galego de Innovación na FP.

A maiores, deseñarase un programa de captación do talento investigador e innovador entre o alumnado e titulados de FP, impulsando a súa implicación nos proxectos industriais participados polo Eduardo Barreiros para creación de industrias que xeren I+D+i no tecido produtivo galego, con participación igualitaria entre mulleres e homes. Darase prioridade ás áreas de Biotecnoloxía, Fabricación aditiva, Industria 5.0, Enerxía e Sustentabilidade Ambiental, Experiencias Inmersivas e Gastronomía Multisensorial.

### **Máis viveiros**

O segundo bloque de accións do Plan Innova FP Galicia céntrase en fortalecer a Rede de viveiros de empresa en centros educativos, creando sete novos, ata chegar a un total de 38. Así mesmo, e de xeito complementario, incrementaranse as aulas de emprendemento en centros en case o 70 %, ata chegar ás 100 no ano 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Asemade, impulsaranse os programas de fomento a través do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia, Eduemprende. O obxectivo é que participe neles o 60 % do alumnado en 2024.

### **Visualización e posta en valor**

Con máis de 500 docentes e alumnos implicados na organización, 7.000 alumnos visitantes e máis de 50 proxectos en exposición, o Congreso FP Innova, que se realiza do 22 ao 24 de marzo en Santiago de Compostela, constitúe o exemplo das accións recollidas no terceiro bloque.

Centrado na visualización e posta en valor das iniciativas de innovación que desenvolven xa os centros de FP de Galicia en colaboración con empresas e outras institucións en eidos como a internet das cousas, a robótica colaborativa adaptada a novos ámbitos de traballo, a eficiencia enerxética, a mellora da competitividade das explotacións agrícolas e gandeiras, a produción e uso do hidróxeno verde no ámbito doméstico, a mellora da calidade de vida das persoas con mobilidade reducida (como vehículos eléctricos adaptados ás súas necesidades), a innovación culinaria, a ciberseguridade, a biotecnoloxía... Ademais, dáse visibilidade aos proxectos de emprendemento desenvolvidos por alumnado e profesorado dentro de distintos programas do Plan EduEmprende.

De xeito paralelo, desenvolveuse a Xornada FP Innova, na que empresas, institucións e comunidade educativa reflexionaron sobre a necesidade de adaptación aos cambiantes requirimentos do mundo produtivo e á influencia das tecnoloxías dixitais e da automatización nos novos perfís profesionais, coa participación de máis de 700 persoas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

